




# ecos da Romaxe


# A foto que fala

Nin é a ringleira do paro nin un botellón; alumnos das escolas oficiais de idiomas fan máis de 20 horas de cola para matricularse.



## O trasno Nostalxia dos faros

Daniel López Muñoz



Navegamos no océano do pluralismo e da máis absoluta secularidade. Non hai xa camiños escritos, pautas claras, formas de vida “coma sempre”. Antes a vida era como unha estrada trazada nun mapa: etapas, deberes, expectativas, por aquí ben, por aí mal. Agora as vidas discorren polo mar abaixo, e somos como troitas de pé sobre a incerteza, como lanchiñas xeiteitas sobre unha inmensa folla en branco na que hai miles de rumbos por trazar.

Cris e Tori envían ao noso correo a invitación a unha conferencia diálogo con Monseñor Jacques Gaillot, o bispo francés “desterrado” pola xerarquía a unha diocese fantasma, no medio do deserto, sen xente. Para desfacerse dun bispo amigo da xente, alentador de esperanzas entre inmigrantes e excluídas. O mesmo que, xa postos, convertía esa diocese, Partenia, nun planeta virtual (<http://www.partenia.org/>), pasando a ser o bispo máis global e accesible, toda unha referencia gratuíta para desnortados e outras gamelas á deriva. Unha luz distinta.

Mentres, por aquí, seguen na guerra dos camiños correctos. Vanse apagando voces e referencias e vanse impondo os controladores dos mapas,

os “trazadores” de camiños para os demais. Disque quen domine o mapa, quen trace o camiño, gana a batalla e leva a xente polo rego (a xente ándache toda ao mar, pero eles, expertos en infraestruturas, non se decatan). Por iso se arma tanto barullo en terra con que se censure ou se deixe de censurar unha barbaridade dita polo Papa en África e que desfixo en segundos miles de horas de esforzo para que a xente faga un uso responsable do sexo, é dicir, para que usen condón, e non morran coa SIDA.

Os traza-camiños, no seu delirio, chegan mesmo a gastar horas en dilucidar se a misa correcta é a extraordinaria en latín ou a ordinaria polo outro libro: esas xa son redes viarias marcianas para a xente de hoxe en día.

Cando resolvan quen é o dono espiritual do territorio e os seus camiños, estará todo o mundo de marea. A xente nova, todiña toda. E no mar, un quere referencias. Vas costeando e queres marcas polo día e luces pola noite. Queres faros, como Partenia, que te sitúen, que te orienten, que che axuden a trazar o teu propio, irrepitible e inevitable rumbo persoal.

# Editorial Cuestión de dignidade

Non resultan noticia, pero existen. Foron altos cargos, exerceron responsabilidades ao máximo nivel, tomaron decisións sobre os orzamentos públicos, sobre contratos de enorme contía, sobre normas e plans que influen en sectores productivos, ou sobre a vida das familias e das empresas. E, despois de deixar o cargo, por perderen nas eleccións, ou porque si, recollen as pertenzas, ordenan os papeis e retornan ao seu “oficio civil”? Uns volven para dar clase, ao xornal, á empresa na que traballaban. Outros aos seus estudos de arquitectura, bufetes, postos de traballo na administración pública. Hainos que volveron á mina, -recordemos a Xerardo Iglesias, o asturiano- ou para exercer como biólogo de praia despois de ser director xeral, ou de mestre, ou como traballadora social. Hai nomes galegos en todos eses itinerarios e teñen cores diversas.

Tamén existen os outros, que poida que sexan menos, pero sempre resultan máis coñecidos, porque o ruído está para iso. Son os que se aferran á política –entendida como exercicio do poder ao maior nivel posible. Estes son un problema. Para a organización, para o electorado, para a imaxe da propia “clase política” e para eles mesmos. Carecen de oficio ou non o queren exercer, quizais porque lles parece pouca cousa, ou porque para re-aprender, necesítase moita calidade humana.

## aínda hai quen pasa polo poder como quen fai un servizo

unha longa carreira de resistencia. O contacto coa realidade, cos veciños e a xente traballadora, de igual a igual, vivindo, escoitando e exercendo un traballo ou profesión “normais”; é unha experiencia da que carecen. É unha cuestión elemental: vivir nunha burbulla ideolóxica, arroupado polos semellantes, desconectado do país real que vive e traballa, ten que imprimir carácter.

O divismo debe ser difícil de evitar, cando toda unha cohorte de xornalistas escruta os teus pasos. Pero, con todo, aínda hai quen pasa polo poder como quen fai un servizo e son eses e esas a quen queremos reivindicar e celebrar: porque están aí, non fan ruído e dignifican a actividade política.

A cousa ten a súa importancia, porque ese perfil de “só-político” (que empeza por pasar polas correspondentes mocidades, e de aí a unha fase de liberado, e así en adiante), normalmente chega ...e goberna, aínda que sexa como xusta recompensa a

## Rumores de esperanza

Xan Guillén



Alguén que me quere moito regalo-  
ume unha camisola de Rei Zentolo.  
Aínda non coñeces esta marca? Nun-  
ca viches deseños dela? Logo tam-  
pouco coñecerás as da marca Cara-  
muxo, nin as de Moucho Marx. Son  
fermosas camisetas feitas en Galicia  
con deseños e debuxos totalmente  
orixinais. Así podemos ver camisetas  
con imaxes que din: Little green hot  
peppers from Padrón... Somos unha  
ración Little waves come, little waves  
go back, don't you gou Rianxeira...  
Porco kilin, St. Martiño Day Non  
fagas de morto o que podes facer de  
vivo: Santa Compañía Falo galego,  
sen pelos na lingua. Sóanvos? Pode-  
des ver que son creativas e orixinais  
e cunha miguña reivindicativa e re-

tranqueira nalgúns caso que fan que  
non se perda o bo humor de todas  
elas. Hai que recoñecer que achegar-  
se a un escaparate dunha das súas  
tendas non permite o aburrimiento.  
Pero non só hai camisolas. Tamén hai  
suadoiros, mandís, petos para bebé,  
chapas. Estamos ante iniciativas  
empendedoras que merecen todo o  
noso respecto e admiración. Para min  
un xeito de facer país cun sorriso nos  
beizos. Xa me tarda abrir o armario  
mañá e poñerme ese agasallo que me  
fixeron. Ir por aí presumindo de ca-  
misola nova e ben chula e que ardan  
de envexa os meus amigos. Por certo,  
a miña ten o cartel de “Eu, elemento  
único.” Abofé que acertaron.

1



3



2



4



## A peneira

1

Perdéronse 600 empregos na **LOUSA**. Pero, cos indirectos, só no sur de Lugo chegan aos 1500. O sector da lousa empregaba a 3.200 directos e 12.000 indirectos, sobre todo en Valdeorras e Quiroga, onde só segue activa Piquisa, onde perderon o traballo 350 obreiros despois do peche no 2008, de Pebosa, Cupiga e Ferlosa. Agora é Ultransa do Courel, na foto, a que solicita regulación de emprego. Producen o 40% do mundo, da que exportan o 85%. As exportacións baixaron un 27% nun ano. A lousa galega creba non só pola crise, tamén pola competencia ilegal da importada de Brasil e China, de peor calidade.

2

A Xunta deu licenza a Pescanova para a piscifactoría de 357.000 m<sup>2</sup> no Cabo Touriñán, en zona protexida, destruindo a paisaxe. Somos os primeiros na **ACUICULTURA** en Europa: 290.000 toneladas de moluscos e peixes (no mundo 46 millóns)... O 70% do total: troitas, dourada, robaliza, rodaballo, túnidos... Emprega a 28.000 persoas. Mentres a crise fai medrar o furtivismo nas rías, en contra as confrarías, que denuncian a práctica ilegal que dana os bancos de marisqueo, que con esforzo replantaron. Véndeno, casa por casa, máis barato. Os gardacostas capturaron no 2008, máis de 60.000 Kg. de marisco e peixe, collido así. Un 167% máis ca no 2006.

3

A Obama acáelle a escritora, Toni Morrison (Nóbel 1993), “a voz da conciencia de América”, que segue a denunciar o racismo..., na era da *post-grititude*, buscando superar o estigma de marcar as artes coa connotación da cor. En *A bendición*, lévanos á época na que loitaban xuntos contra a escravitude, negros, indios, os brancos máis pobres. A unidade, que quere recuperar, en **EEUU**, onde 35 millóns -12 de nenos- pasan fame. Para o presidente a preferida é a *A canción de Salomón*, que afonda no conflito de identidade e falla de raíces dos negros do norte. A miúdo transmite a forza de mulleres que loitan no medio de atrancos.

4

Madeira de Francia afunde 3000 empresas con 26.000 empregados e 50.000 empregos indirectos, despois do Klaus que arrasou 1,2 millóns m<sup>3</sup>. A democracia urxe imaxinación. A Organización de **COMUNIDADES DE MONTES**, convócaas para, nun mes, declarar o seu interese no IV Congreso (22 de maio): “Un monte veciñal multifuncional vivo: garantía do seu futuro”, e debater o concepto xermánico de titularidade veciñal, coma defensa da terra e xeradora de emprego, con alternativas sustentables, máis aproveitables dun patrimonio común, do que somos usufrutuarios. Para participar no proceso: Orgacmm. Estrada de Valadares nº 261. 36315-Vigo (649137135). A foto de Birnarem, do Certame, “O monte é a nosa vida”.

6



8



5



7



Alfonso Blanco Torrado

5

No San Froilán remitimos esta 'Guía postal de Lugo' (1929) de **MARUXA MALLO** (Viveiro, 1902-Madrid 1995), que celebramos todo o ano no Museo de Lugo, porque nos agasallou con romaxes nos comezos da súa pintura. Ata xaneiro a Casa das Artes de Vigo ofrécenos a mellor colleita da obra, da máis sobranceira artista plástica do XX, en todo o estado. Pioneira en todos os eidos, na Xeración do 27, sufriu o exilio en Bos Aires..., tal coma imos descubrir arestora na estrea do documental de Antón Reixa.

6

Os trámites das prestacións dos **DEPENDENTES**, fanse interminábeis, mesmo finando estes, antes de cobraren nada os seus cuidadores. A burocratización é unha apisoadora que pasa por riba das vidas. Hai 27.399 grandes dependentes, pero no 2009, só un de cada catro van ter prestación. O 54% son para os cuidadores. Hai 70.000 galegos maiores de 65 anos enfermos de alzheimer. O 66% das súas familias rexeitan internalos nunha residencia, iso que o 70% dos cuidadores da casa sofren trastornos depresivos, debidos a súa atención cotiá.

7

As afrontas contra o galego mobilizan os bos e xenerosos, coma un eco alongado daquel berro de Castelao: "Cómo chamaríamos a un home que consentise o derrubamento do Pórtico da Groria? Pois é certamente máis bárbaro quen deixa morrer un idioma, obra de arte insuperable, feita con amor, con dor e con ledicia polos nosos antergos, que recibimos en herdo e que temos a obriga de enriquecer co espírito do noso tempo?". O 3. **PROLINGUA** vai xuntar a centos de persoas para dar forma a esta plataforma que loita contra os asaltadores do idioma. E o 18, "Queremos galego", fai unha manifestación en Santiago.

8

Na foto a escultura de Mafalda, a nena pacifista e seareira dos Beatles, do artista Irrgang, acabada de inaugurar no seu barrio, San Telmo, de Bos Aires. Onde tamén vive Manolito, fillo de emigrantes galegos, que inspirou o personaxe ao debuxante Quino, polo 1963. **A NOVENA ARTE** pula sen fronteiras. O 29 cumpre anos o Astérix, lido en máis de cen idiomas. Días antes, vai publicarse a edición homenaxe nos 50 anos, na nosa lingua e en vinte máis. Só escrita por Uderzo, unha vez que nos deixou o outro autor do cómic, Goscinny, no 1977. Nun ano no que xa celebraron os colegas: Tarzán (95 anos), Tintin e Popeye (80), Batman (70).

# POLÍTICA

Pedro Pedrouzo Devesa

## Moción de censura: que votamos cando votamos?

A moción de censura é a forma máis rápida de relevar a un goberno, e prodúcese cando este perde o apoio dos representantes (concelleiros ou parlamentarios) que o elixiron. É unha das formas políticas máis debatidas e cuestionadas. Defensores e detractores teñen razóns máis que suficientes para defender ben cada postura. E aínda que sexa unha conclusión enormemente pobre, chego á certeza de que en cada situación se deben ponderar de forma diferente as circunstancias que lexítiman ou cuestionan unha moción de censura.

A moción de censura pódenos servir para matinar no sentido do noso voto. A quen votamos cando votamos? Votamos a unha persoa ou a un partido. O sistema de listas pechadas que usamos en todas as eleccións, menos nas do Senado, obríganos a votar a un partido, a unha lista concreta de persoas que se presentan baixo unhas determinadas siglas, cunha ideoloxía

determinada. Aínda así, non hai que esquecer que moitas veces os que as forman son independentes (a quen se lles presume un criterio menos seguidista que os que van como membros dun partido). Unha moción de censura parece ir en contra do sentido que lle damos as eleccións cando votamos por listas pechadas: queremos que gobernen unhas siglas, pouco importa que persoas as compoñan. Queremos un programa electoral e non outro. Unha verdade matizable se entre os que eliximos hai independentes, pois o propio partido que os coloca nas listas dálles unha liberdade que non parece que posúan o resto dos seus integrantes. Aínda así, non por seren independentes se lles pode exonerar de todo compromiso con esa lista.

Sen embargo, os mandatos son de catro anos. E en catro anos poden pasar moitas cousas que fagan mudar o sentido do voto aos nosos lexítimos representantes. As mesmas leis que

lles obrigan a ir nunhas listas pechadas, danlles en cada pleno potestade *plena* para votar cada asunto segundo mellor estimen oportuno. Vetar este poder a cambio do voto en bloque, converte os nosos parlamentos en meras comparsas de parloteo nos que os votos xa están decididos nas respectivas sés de cada partido e pouco, ou nada, importan os datos, razóns e propostas que alí se dean.

Detrás deste conflito emerxe o aspecto crucial da democracia, baseada esta nun contrato político no que a confianza é a base do seu funcionamento: confiamos no criterio daqueles que eliximos para que nos representen no pleno do noso concello, no parlamento da nosa comunidade, do Estado ou de Europa? Ou pola contra confiamos máis na ideoloxía dunhas siglas que aplican os aparatos de cada partido e das que non se deben apartar os seus membros?



# ECOLOXÍA

Leonardo Boff

## Extracto do artigo "Cal será o futuro dos nosos netos?"

Vendo xogar os meus netos no xardín, guindando coma cabras, a rolos polo chan, subindo e baixando das árbores, xórdeme dous sentimentos. Un de envexa, pois xa non podoo facer nada diso coas catro próteses que teño nos membros inferiores. E outro de preocupación: a que mundo terán que enfrontarse dentro dalgúns anos?

Os prognósticos dos especialistas máis serios son ameazantes. Hai unha data fatídica ou máxica da que falan sempre: o ano 2025. Case todos afirman que si agora non facemos nada ou non facemos abondo, a catástrofe ecolóxico-humanitaria será inevitable.

A lenta recuperación da actual crise económico-financeira que se nota en moitos países, aínda non significa unha saída dela. Soamente que rematou a caída libre. Volve o desenrolo/crecemento, pero con outra crise: a do desemprego. Millóns de persoas están condenadas a ser desempregados estruturais, é dicir, que non volverán ingresar no mercado de traballo, nin sequera quedarán

como exército de reserva do proceso produtivo. Simplemente son prescindibles. Que significa quedar desempregado permanentemente senón unha morte lenta e unha desintegración fonda do sentido da vida? Engádase ademais que ata esa data fatídica están prognosticados de 150 a 200 millóns de refuxiados climáticos.

O informe feito por 2.700 científicos «State of the Future 2009» di enfaticamente que debido principalmente ao quecemento global, cara 2025, cerca de tres mil millóns de persoas non terán acceso a auga potable. Que quere dicir iso? Sinxelamente, que eses miles de millóns, se non son socorridos, poderán morrer de sede, deshidratación e outras enfermidades. O informe di máis: a metade da poboación mundial estará envolta en convulsións sociais a causa da crise socio-ecolóxica mundial.

...


Comportámonos como se a Terra fose nosa e da nosa xeración. Esquecemos



que ela pertence principalmente aos que van vir, os nosos fillos e netos.

Se queremos ter futuro, debemos partir doutras premisas: en vez de explotación, sinerxia humanos-natureza, pois Terra e humanidade forman un único todo; en lugar de competir, cooperar, base da construción da sociedade con rostro humano.

## O CARRABOXO por KOBE LOIS



# Entrevista

M.G.T.

## Os montes en mancomún: o valor dos recursos comunitarios.



Juanjo e Txema, dous dos artífices do reartellamento comunitario.

*Nós somos 3: Fran Rapa (profesor da ESO, na actualidade en Cedeira), José Manuel Sierra (Txema, estudante de Xeografía en Compostela) e Juanjo Lorenzo (estudante de doutoramento na Facultade de CC da Educación); a vinculación con Couzadoiro é familiar en principio, tamén ideolóxica acompañando unha maneira de estar no mundo e de entender a relación coa natureza...*

*O Couzadoiro (Ortigueira) contén as parroquias de San Cristovo e San Salvador, onde o despoboamento, o envellecemento e a dispersión poboacional, características do rural galego, atópanse perigosamente acentuadas. Dende hai anos, e cada vez a maior ritmo, o progresivo abandono do pastoreo foi tornando en facilidades para a apropiación estatal dos montes en mancomún, o que sucedeu tamén con moitos privados. Tres amigos Fran, Txema e Juanjo, xuntáronse “por descarte” como eles din, porque eran os que tiñan ganas de meterse nesta angueira de recuperar o monte para os veciños.*

*Na conversa, aquí resumida, reclámase o papel central dos recursos compartidos no rural galego. Frecuentemente sitios en espazos naturais de titularidade veciñal e comunitaria, supoñen un desafío a unha lóxica política e de mercado ancorada no círculo vicioso do poder e a acumulación; tamén unha oportunidade para o desenvolvemento socioeconómico das zonas máis esquecidas. Por iso animamos a que esta iniciativa se repita noutras aldeas e parroquias de Galicia.*

A participación, tanto nas reunións como na achega de cartos, foi case plena.

### **Por que ese interese no monte?**

Os montes en mancomún supoñen un recurso específico e particular do país, como tradicionalmente sucedía tamén coa xestión doutros como as comunidades de augas ou de terras. Así que decidimos comezar a falar cos vellos por ver de recuperarmos os montes, non tanto por recuperar uns recursos, como pola revalorización do rural en si mesmo.

### Contádenos como foi o proceso.

Comezamos coa visita aos veciños casa por casa para informalos, tentando implicar a todos. A posibilidade dunha comunicación persoal, -xa que “por medio da familia todos nos acabamos coñecendo”-, e a invitación en cada casa a tomar os “chupitos” de guinda -que tantos estragos causaron en tempos nas comisións de festas da Galicia rural- permitiu mobilizar a toda a comunidade e canalizar todas as ideas e opinións. Unha vez prendida a mecha, -o éxito na concienciación sobre a xustiza de xestionar veciñalmente os recursos comunitarios acadouse con información directa, personalizada e comprensible-, estourou o intercambio cotián de información entre os escasos 200 veciños, que polo xeral superan os 60 anos: son os que coñecen os usos que se facían do monte e os que achegarán documentación e testemuñarán para xustificar o carácter histórico deses montes como de uso comunal. Á parte de recoller historias persoais, denuncias de saídas de madeira continuas sen factura e outras falcatruadas que perviven nestes tempos, a temática central dos encontros -primeiro casa a casa e logo nas asembleas-, versaba sobre o parque eólico unitario sito na serra da Faladoira, no chamado Coto de Roca, pola dimensión económica dunha produción neta estimada en 9835,8 MWh/ano e polo impacto ambiental e paisaxístico.

### Menudo traballo! E logo da información porta a porta, dicides que tiveses asembleas?

Certo. Celebramos reunións abertas con persoas expertas nas diversas fases: a avogada, un enxeñeiro de montes ao tempo que presidente e cofundador dunha xunta reitora de comuneiros con varios anos de andadura... Este momento inicial levou aparelado tamén a achega económica



Parque eólico da Coriscada.

que cadaquén considerase, cun mínimo de 20 euros por casa e co obxectivo de acadar unha cantidade conxunta de 3000 euros para a contratación da representante legal, o que foi á vez un modo de integración dos veciños das dúas parroquias. A participación, tanto nas reunións como na achega de cartos, tomando como unidade de medición a casa, foi case plena. No camiño percorrido, reconfortante aínda que curto -pensando no que queda pese a 2 anos de andadura-, salienta como máis positivo o reartellamento comunitario.

### Vexo que, polo de agora, todos amigos. Que vai pasar cando xa haxa cartos para repartir?

Moita xente pensa que cando comencen a chegar os cartos dos eólicos as boas intencións vanse esvaeecer. Pero o certo é que, hoxe por hoxe, a asemblea decidiu reverter o 100% en melloras para todos os habitantes do Couzadoiro, por exemplo, garantindo a auga comunitaria de balde, que non chega ás casas sitas nos puntos de maior altitude. É chocante que arredor do 90% do territorio vén sendo ocupado por un terzo da poboación,

## A asemblea decidiu reverter o 100% en melloras para todos os habitantes do Couzadoiro.

### Neste momento, en que vos centrades?

Pois foron presentadas as reclamacións oportunas para a recuperación da titularidade dos montes, actualmente nas mans dun concello de Ortigueira activamente oposto á súa devolución, “debido aos beneficios que tira do seu aproveitamento eólico e madeireiro pero que rara vez reverten nas nosas parroquias”; di Juanjo.

a rural, polo que é lóxico que os recursos naturais se atopen na súa meirande parte aquí, aínda que tanto en consumo como en rendibilidade o seu aproveitamento sexa maioritariamente urbano.

### Así que o camiño foi laborioso pero sen problemas...

Ui, malia á implicación dos veciños tamén houbo atrancos, pois para cum-

# Entrevista

M.G.T.

prir cos trámites legislativos, víronse na obriga de realizar a reclamación a nivel parroquial ao non estar deslin-dados os montes de San Salvador -o que custaría 300 euros por hectárea, para case 700 ha- Daquela, o proceso iniciouse en San Cristovo coa idea de que, unha vez recadados algúns ingresos dos eólicos, se clasifique o monte da parroquia veciña.

-se así o deciden- a traballos de limpeza de estradas e camiños, ás festas ou á restauración de vivendas, a maquinaria agrícola comunitaria ou a revalorización de bens agrícolas ou patrimoniais da zona, a promoción dunha progresiva substitución das plantacións de eucalipto, etc., poñendo o acento na conservación do en-

## Para rematar, que valorades como o beneficio máis salientable deste proceso?

Falar de montes comunais pode orixinar conflito cos políticos, que se fan cos recursos para obter beneficios para o concello e mesmo particulares, sobre todo naquelas comunidades sen xunta reitora, responsable do aproveitamento dos montes en mancomún. Se falamos dun beneficio para as comunidades rurais, o risco de disputas e conflictividade aumenta na medida en que falemos de máis ou menos cartos. Pero a xustificación non só é material, debe considerarse en clave humana, derivada dun encontro, dunha causa común, que constitúe en si mesma unha estratexia de empoderamento e unha toma de conciencia do propio nun mundo global tendente á uniformización cultural e identitaria. Nunha época caracterizada pola falta de pensamento crítico e a aceptación submisiva das desigualdades -neste caso xeoespaciais- xorde a necesidade de “deconstruír” certos significados ligados aos modos de vida e tomar conciencia do común, procurando unha defensa micropolítica (sen agardar por grandes solucións globais) do rural galego.

## O Concello de Ortigueira oponse á devolución da titularidade, polos beneficios que do monte tira.

**Estamos a falar de que xente dunha parroquia pon cartos para beneficiar á veciña, coa confianza de que logo a acción comunitaria ha revertir neles... Abraiante. E cando xa obteñades ingresos do monte, como pensades organizar a xestión dos recursos?**

Chegados a este punto, cómpre crear unha listaxe de comuneiros -segundo a lei, aqueles con “casa aberta con lume e fume” cun mínimo de “6 meses ó ano durmindo” nela-. Son quen pode xestionar os cartos e destinalos

torno natural. Con esta idea abordamos o proxecto.

**Pero... por esa definición de comunei-ro que fas, ningún dos tres que argallastes todo isto poderíades formar parte desa listaxe.**

Non, claro, pero iso tamén nos dá forza moral ante a xente, xa que nosoutros non podemos sacar tallada.



○ Couzadoiro.

# Ás furtadelas

Josecho Barca

## Jedi" denuncia a supermercado



É o fundador dunha relixión baseada na película "A Guerra das Galaxias" e di ter sido discriminado por unha cadea de supermercados que lle pediu que se quitase a capucha.

Todo comezou cando Daniel Jones, de 23 anos de idade e creador da Igrexa Jedi, non recoñecida oficialmente, entrou nun supermercado Tesco en Bangor, Gales, no Reino Unido, a mercar algo de almorzo.

Como levaba unha sudadeira con capucha, pedíuselle que cumprise coas normas de seguridade do supermercado e se descubrixe a cabeza ou abandonara o establecemento.

Tamén coñecido polo seu nome Jedi de Morda Hehol, Jones explicou que "levar capucha en lugares públicos concurridos "é un requisito da súa relixión, pero non o entenderon e que el "levaba a cara descuberta" e "só tiña tapada a parte traseira da cabeza".

"Dereitos relixiosos"

Jones manifestou á BBC que se sentiu "intimidado" e "discriminado" e que a actitude dos empregados de Tesco foi "arrogante".

"Se un Jedi se despraza por un dos nosos supermercados coa cabeza cuberta se perderá moitas das ofertas especiais." *Comunicado de Tesco.*

Segundo el, os crentes da relixión Jedi teñen os mesmos dereitos a observar os preceptos do seu credo que os practicantes das relixións organizadas.



En resposta, Tesco díxolle á BBC que "os Jedi son benvidos nos nosos establecementos aínda que lles pediremos que se quiten as capuchas".

Un comunicado de Tesco, en referencia aos Cabaleiros Jedi de "A Guerra das Galaxias", engade que "Obi-Wan Kenobi, Yoda e Luke Skywalkers aparecían sen capuchas e non por iso acababan no Lado Escuro".

Se un Jedi se despraza por un dos nosos supermercados coa cabeza cuberta se perderá moitas das ofertas especiais."

Ao nivel máis alto

En entrevista coa BBC, Jones dixo que el entende que moita xente non considere o seu credo como una verdadeira relixión, pero sostivo que en todo o mundo hai medio millón de crentes.

A miña relixión é totalmente diferente da película, explicou. Temos unha visión moito máis realista"

O obxectivo da súa igrexa –segundo el, é guiar "ao ser humano ao seu nivel máis alto de existencia".

O sitio electrónico da Igrexa Jedi explica que esa denominación cre nunha forza poderosa que abrangue a todo o Universo e acepta a todos os seres humanos como potenciais membros.

Dacordo cola Oficina Nacional de Estadísticas de Gran Bretaña, unhas 390.000 persoas rexistráronse coma crentes Jedi no censo de 2001 en Inglaterra e Gales e unhas 14.000 en Escocia.

Extraído de BBC Mundo

http://

<http://www.proyectoofoltra.org/>

Proxecto de asistencia gratuíta encamiñado á axuda complementaria para a rehabilitación física e intelectual de todos aqueles que a necesiten, máis alá do que é a asistencia sanitaria...

<http://www.edualter.org/index.htm>

Un espazo para compartir recursos que nos permita seguir levando adiante o compromiso cunha educación transformadora cara un mundo máis xusto

<http://www.sonrisasdebombay.org/>

Tras anos de traballo como periodista, Jaume Sanlloriente viaxa por primeira vez á India, onde quedará impactado pola pobreza e vulnerabilidade dos nenos das rúas de Bombay. Tras coñecer un pequeno orfanato a punto de cerrar as súas portas, Jaume decide abandonar a súa cómoda vida en Barcelona e establecer aí a súa residencia.

## Como dicíamos onte...

### Distintos tipos de Nai

Un estudo feito por un equipo de científicos descubriu cinco tipos fundamentais de nais, que teñen unha influencia boa ou mala no desenrolo da intelixencia dos seus fillos: nai ideal, nai ambiciosa, nai insegura, nai histórica e nai materialista...

A CARÓN DO LUME  
(Irimia nº27. 9 de maio de 1982)



# XXXII Romaxe

## A Romaxe vista por xente máis nova cá Romaxe



*Supoño que aos que imos sendo “xente adulta” de cando en vez se nos ocorre teimar: e qué pensará a xente nova cando vai por vez primeira á Romaxe? E quedaránlle ganas de recuncar?*

*Velaquí o testemuño de catro persoas, todas elas máis novas do que as nosas Romaxes: Xandre ten 19 anos, estuda xornalismo en Compostela e foi a dúas romaxes. Tamén ten 19 anos Ruth para quen a de Aguiño era a súa terceira romaxe. Ela anda agora comezando Educación Social en Compostela. Cris (28 anos) traballa nunha ONGD en Compostela e a de Aguiño foi a súa primeira romaxe. O Antonio é un andaluz de 29 anos que fixo arquitectura e agora é educador nun colexio de Vigo e tamén a de Aguiño foi a súa primeira romaxe. Velaquí o que nos contan estas catro persoas sobre as nosas romaxes actuais.*

“Poderedes comprender o estraño que lle poderá resultar a un mozo de 19 anos comentarlle aos seus amigos que acudirá a unha romaxe. Esta rareza agravarase máis cando lle transmita que esta será de crentes galegos. Agora entenderedes que é o que levo vivindo dende que descubrín o movemento irimego, lonxe de calquera ranciada da Igrexa do Vaticano. En máis dunha ocasión tiven incluso disputas para facerlle ver aos meus compañeiros que existe unha serie de persoas que verdadeiramente cren no que fan sen ter ningún tipo de interese económico que lle obrigue a esquecer a verdadeira visión do Evanxeo.

Así pois, a primeiros de setembro de cada ano pódome reafirmar na fe dun movemento que fala no meu idioma e que pula pola xente labrega e mariñeira, que era realmente pola que loitaba Xesús. Pódome reafirmar na figura dun Cristo humilde vendo as persoas que a ela acoden, lonxe de calquera ostentación como acostumamos ver nas parroquias “habituais”. Por iso, paga a pena asistir a este tipo de celebracións, que malia seren prohibidas polos corvos de sempre, seguen e seguirán existindo. Haberá, iso si, que animar a todos aqueles mozos e mozas a que descubran esta nova Igrexa galega, e para min, a única verdadeira que segue os ditados do primeiro revolucionario da historia.

Saúde e Terra

Alexandre Vázquez Lorenzo (19 anos, 2ª Romaxe)



“Naquel tempo dixo Xesús: “Bendito sexas, meu Pai, Señor do ceo e máis da terra, porque lles escondiches estas cousas á xente sabia, á xente prudente e quixeches amosarllas a toda a xente humilde e sinxela.”

Así comezaba o fragmento do Evanxeo lido en Aguiño, na XXXII Romaxe de Crentes Galegos. É a miña primeira vez. Xusto neste momento deime conta de onde estaba realmente. Oíra falar cousas sobre a Romaxe, pero cando escoitei estas palabras e mirei ao meu arredor, entendín o que significaba esa celebración.

Moita xente humilde cun mesmo sentir, un mesmo falar. Palabras sinxelas que tocan o corazón, que ao repetir unha e outra vez, todos xuntos, fan que o corazón mude, que se emocione, que nos fagamos partícipes do vivir e do sufrir dos demais, coma fixo Xesús. Él estivo entre nós ese día, pedíndonos que nos fixésemos pan partido, repartido e compartido. Que maior e máis fermoso sacrificio se pode facer, e que el fixo por nós.

A ledicia da festa, do encontro, de todos cantando cantigas que resumen o sentir dun pobo. Personaxes que representan a cultura, a tradición e o día a día da historia dos galegos e galegas. Un mesmo credo para miles de persoas de recunchos e idades diferentes que con ilusión soñan coa Romaxe vindeira, xa en terras de auga doce.

Só me queda dicir, a todas as persoas que me atopei ese día, aínda que só fora por uns segundos, e coas que compartín o amor de Deus Pai-Nai, UN MAR DE GRAZAS, e ata a próxima.

Cristina Otero. 28 anos. Compostela

A miña primeira Romaxe...

Eu ía á Romaxe coa esperanza de compartir con outros crentes da miña nova terra de acollida (xa que son andaluz) a idea dunha Igrexa máis próxima á xente e máis sinxela, e atopei a Xesús falando galego...cousa que non esperaba; atopei a Xesús nas rochas e no mar, na natureza que a terra de Aguiño nos brindaba; atopei a Xesús na historia de Paco de Aguiño, e doutros moitos que xa non estaban connosco, e sobre todo, como non podía ser doutro modo, atopei a Xesús na xente galega coa que convivín esa fermosísima xornada. Grazas a todos.

Antonio Leal, 29 anos, Sevilla-Vigo.



“Outro ano máis a Romaxe pasa por min, enchéndome de esperanza e de anxeios de loita por unha Igrexa verdadeira, pola utopía.

Non teño palabras para describir o que sentín durante a celebración, a verdade é que me emocionei moito, porque foi coma se ese Reino de Deus polo que choramos e gritamos a diario chegase de súpeto: coa procesión das augas como símbolo de unión, as mensaxes das pancartas, mesmiño co texto precioso da celebración... Xuntos convertemos Aguiño nun mar xigante de gratitude e de ledicia, ¡¡e faremos que as súas ondas batan contra o poder e a inxustiza de todos os pobos de Galicia e do Mundo co noso testemuño!!

No meu caso esta é a terceira Romaxe na que participo, e animo a todas as mozas e mozos a que cando menos a proben, porque daranse de conta de que a Igrexa somos moitos máis que catro chupasangues que só queren estragar á xente a costa de Deus, e que existe un gran grupo que si se preocupa do que quería Xesús, e procura levalo a cabo.

Apertas e moitos bicos!

Ruth Rodríguez Gozalo (19 anos, 3ª Romaxe)??



# O noso tabolero



UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
Facultade de Ciencias da Educación  
Campus de Elviña

## Curso de Formación Específica de Posgrao en Fenomenoloxía da Relixión

### Interculturalidade e interrelixiosidade no século XXI Culturas e relixións en diálogo

Diploma de Especialización pola UDC e  
concesión de 6 créditos ECTS



Organizado pola Area de Ciencias Sociais.  
Dpto. de Didácticas Específicas

**Director:** Prof. Dr. Alfredo Rodríguez López-Vázquez. Catedrático da UDC

**Co-director:** Prof. Andrés García Vilariño. Profesor da UDC

**Prof. invitado:** Prof. Dr. Victorino Pérez Prieto

A Coruña 2009

#### INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA

- Dep. de Didácticas Específicas, Fac. de CC. da Educación.
- **Prazo:** Preinscrición e solicitude de bolsas do 25/09/09 ao 5/10/09.  
Matrícula do 5/10/09 ao 15/10/09.
- **Taxa** de matrícula: 300 €.
- **Taxas minoradas** con bolsa de matrícula para o 25 % dos alumnos.



Se queredes ver algunhas fotos da Romaxe, podedes entrar en:

<http://asociacion-irimia.org/restrinxido>

Como usuario debes poñer: **socio**

O contrasinal é: **aginhoxxxii**



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Muñoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**SUBSCRICIÓN:** Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253

**SUBSCRICIÓN:** ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - irimia@wanadoo.es

**CONTA:** Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

**IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia>



# Boa Nova



Nesta pasaxe atopamos un texto complexo, onde Marcos cruza varios temas e ensinanzas que derivan do seguimento de Xesús insistindo, especialmente, no risco das riquezas. Xesús e os seus discípulos van en camiño (Mc 8,27-10,52) un camiño onde se vai ir descubrindo o que verdadeiramente comporta o seguimento de Xesús, que non é máis ca unha entrega até a morte.

A través do diálogo cun bo xudeu e das ensinanzas que lles dá aos discípulos, expónse dun xeito claro a incompatibilidade existente entre o apego ás riquezas e o seguimento de Xesús.

Na primeira escena atopamos a un xudeu bo, cumpridor das leis e merecedor da vida eterna segundo a relixión xudía. Mais iso xa non abonda para emprender o camiño de Xesús, a vocación cristiá: cómpre un desprendemento das riquezas, a doazón destas (empobrecemento) e, posteriormente, o seguimento. Xesús non está a falar dun aspecto accesorio, senón do cerne da súa mensaxe, do seu proxecto do Reino.

De seguido, Marcos inclúe unha ensinanza dialogada de Xesús sobre a riqueza, que como é tradicional, presenta un esquema en tres momentos: cada intervención de Xesús suscita unha reposta/reacción dos discípulos que o leva a precisar o tema. En toda a pasaxe Marcos evita expor teorías, senón reflexionar sobre a praxe. Así se entende a interpelación de Pedro e a resposta de Xesús: cómpre un desprendemento absoluto en dous campos: os bens económicos (riqueza) e os bens afectivos (familia). Quen o faga con gratuidade recibirá o cento por un, alí onde prime o compartir sobre o egoísmo será onde realmente todo abunde.

José A. Martínez

**DOMINGO 11 DE OUTUBRO. 28°**

**Domingo do Tempo Ordinario**

**Mc 10, 17-30**

Naquel tempo, estaba Xesús saíndo para se pór en camiño, e chegou correndo un home, que se axeonllou diante del e que lle preguntou "Mestre bo, que teño que facer para acadar a vida eterna?".

Xesús respondeulle: "Por que me chamas bo? Ninguén é bo fóra de Deus. Xa sabes os mandamentos: Non mates, non cometas adulterio, non roubes, non deas falso testemuño, non defraudes, honra a teu pai e mais a túa nai". El replicoulle: "Mestre, todas esas cousas gardeinas desde a miña mocidade." Xesús fitouno cunha mirada chea de agarimo e engadiu: "Aínda che falta unha cousa: Vai, vende todo o que tes, e repárteo entre os pobres, e terás un tesouro no ceo; e despois ven e sígueme". Pero el tornou triste ante estas palabras e marchou moi apesado, pois tiña moitos bens. Xesús, mirando arredor, díxolles aos discípulos: "Que difícil lles vai ser aos ricos entrar no Reino de Deus!" E os discípulos ficaron moi sorprendidos por estas palabras. Pero Xesús volveu insistir: "Fillos, que difícil é entrar no Reino de Deus! É máis doado para un camelo pasar polo ollo dunha agulla, do que para un rico entrar no Reino de Deus". Eles, aínda máis asombrados, comentaban entre si: "E quen se vai poder salvar?" Xesús fitounos coa súa mirada e dixo: "É imposible para os homes, pero non para Deus; porque todo é posible para Deus".

A PALABRA

O ECO

Alternativas solidarias na Crise. Redes Cristiás organiza a súa segunda asemblea cun lema que invita a pór en práctica o que tantas veces reflexionamos de modo teórico. De seguro que aínda teremos moitos proxectos por facer, moitos papeis por encher, moitas ideas por expresar, mais non vén nada mal a avaliar o que realmente facemos.

A CLAVE

# Falando da lingua

Lidia e Valentina

## Por fin o confesou: “Nós non avogamos polo bilingüismo”

© CARRABO UXXO por KAMELOIS



Escribimos esta lingua na semana da Mercé, preto do San Migueliño, no mes no que se venera á Virxe da Barca, á da Guadalupe, os Milagros de Amil, ao Nazareno da Pobra, a... Pois descubrimos que non nos chegan todos eles para encomendarnos e que lle dean sentidiño a este noso país. Como pode ser que se sexa filóloga, profesora de instituto e diga tantas, tantas, tantas barbaridades xuntas... e non pase nada! Pois nós non podemos calar... e aquí estamos, volvendo sobre a entrevista á presidenta de Galicia Bilingüe, Gloria Lago, que se publicou no Xornal de Galicia, onde xa dixo claro que de buscar unha Galicia bilingüe nada!, que se alguén quere ser bilingüe alá el, pero que deixen

aos que queren ser só monolingües, e que vaian cambiando para iso o Estatuto de autonomía e a Lei de normalización, onde se di que o galego é lingua propia de Galicia! Ala, xa queda dito! E non pasa nada...

Como esta sección é para falar de lingua, temos que á forza repasar os conceptos que airea esta señora, en nome da súa asociación, esa que pensa que puxo a Feijoo no poder e que por iso gobernan eles Galicia, polo menos, en canto ao tema lingüístico se refire.

Parafrasearemos as pérolas que nos deixou esta filóloga, coma nós as dúas, pero deixa claro que non todas somos iguais, eh?: “Eu fun bilingüe en inglés e español, pero non todo o mundo está capacitado”!!! E da súa capacitación temos que escoitar:

- Os sociolingüistas e filólogos non están capacitados para lexislar sobre o galego, pero quen si sabe de dereitos lingüísticos é o vicepresidente da súa asociación, que é físico... Claro!!!!
- Nas charlas que organizaron en Pontevedra para demostrar que todos dicíamos trolas menos os de Galicia

Bilingüe saúlles o tiro pola culata e resulta que a finlandesa nos deu a razón... ah, pero iso foi porque non coñecía a nosa situación ben, pero xa llo explicou ela... Menos mal!

- Os pais que na enquisa marcaron “galego” tiñan medo... Ah!!!
- Os nenos poden entender a tele en galego e mesmo falar... (na aldea, claro) pero... como van aprender a Platón ou as raíces cadradas en galego!/? Como moito na clase de ximnasia, porque “salta, unha volta...” darano entendido, mesmo por imitación... pero materias serias, non!

E se se vos atragoa, ide ao blog de *Seio que figestes...nos últimos 525 anos* ([www.seioque.com](http://www.seioque.com)) porque presentan un resumo feito con tanto sentido do humor que nós botamos rindo 10 minutos seguidos... para compensar.

E do outro lado *Prolingua, Queremos galego, Galego, patrimonio da humanidade...* que teñen moitos máis asinantes, seguidores pero... sen medios de comunicación que os apoien, nin a eles nin á súa causa... Menos mal que temos Irimia...

## O Fachineiro da tele

### Teletubbies

Este fachineiro é dos que pensa que as películas, series, debuxos e demais produtos audiovisuais deben emitirse en versión orixinal. É preferible escoitar a voz dos actores e actrices que interpretan o papel antes ca facer un palimpsesto fónico a modo de tippex por riba da banda sonora. Nin sequera se a voz dobrada mellorase a orixinal. Para iso ou ben se coñece o idioma en cuestión ou se subtitula. Quizais pouca xente sabe que a TVG ten unha segunda canle que comezou a emitir só en formato dixital hai uns meses. Nela é onde programan os teletubbies, uns bonecos dirixidos ás nenas



e aos nenos máis pequenos que agora pasan a emitirse en versión orixinal inglesa con subtítulos en galego: é dicir, subtitúlase para nenos que non saben ler e deste xeito ofrecer unha canle que sexa “espello no que se poida mirar unha Galiza moderna e universal” afirman desde a TVG. Ao fachineiro ocórrenelle dúas explicacións: ou ben son os nenos aos que as gallinaescolas lles fan posuír unha competencia en lingua inglesa que xa quixera o profesor Maurer ou estamos ante a rémora de sempre dos galegofóbicos: para ser modernos e universais hai que afastarse do galego.

A.Q.